


# RUTA CASAS INDIANAS

4 SAN XEROME
5 CASA DE VALENTÍN DOMÍNGUEZ PÉREZ
6 CASA DE JUANITA GIRÁLDEZ
7 CASA DE LAUREANO ALONSO PORTELA
8 CASA DE JUAN GIRÁLDEZ
9 VILLA BORINQUEN
10 CENTRO CULTURAL
11 CASA DE ELOY DOMÍNGUEZ VEIGA
12 CASA DE MANUEL ALONSO SOBRINO

LENDA / LEYENDA:

Segundo o país onde emigrou o promotor
*Según el país donde emigró el promotor*
- PUERTO RICO
- BRASIL

Outras casas de interese
*Otras casas de interés*

1 CASA DE MANUEL ÁLVAREZ VICENTE
2 CASA DE JOSÉ MARTÍNEZ SALCIDOS (PICHIPÉN)
3 EDIFICIO DE BERNARDO ALONSO MARTÍNEZ


BIBLIOGRAFÍA:

VV.AA. Casas de Indianos, coordinado por Fernando Bores . JOAQUÍN MIGUEL VILLA ÁLVAREZ. Casa Indianas no Baixo Miño: A Guarda e O Rosal ; . Editado pola Xunta de Galicia, 2009.


VELA POLO TEU
RUTAS CULTURAIS A GUARDA

- RUTA URBANA Nº 1
- RUTA DAS CASAS INDIANAS
- RUTA DA DESEMBOCADURA DO MIÑO

OUTRAS RUTAS:
- CAMIÑOS DO TREGA. PRG-122
- CAMIÑO PORTUGUÉS POLA COSTA. TRAMO: A GUARDA
- RUTA DAS CETAREAS
- SENDA LITORAL

SERVIZO DE GUÍAS GRATUÍTO:

OFICINA DE TURISMO
Tél.: 986 614 546

CONCELLO DA GUARDA
Tél.: 986 610 000

www.aguarda.es

a guarda
horizonte natural

CONCELLO DA GUARDA



# RUTA CASAS INDIANAS





a guarda
horizonte natural

CONCELLO DA GUARDA

VELA POLO TEU
RUTAS CULTURAIS A GUARDA

Son numerosas as vivendas construídas na segunda metade do s. XIX e primeira do XX polos emigrantes guardeses a **Porto Rico, República Dominicana e Brasil.** A maioría están ubicadas no casco urbano pero tamén nas aforas, no caso das villas.

Caracterízanse polo emprego de cantería, azulexo e forxa. Adoptan as estruturas do país americano; o que lles confire unha personalidade propia. Unhas tiñan carácter residencial, outras dedicábanse os negocios ou a fins sociais.

*Son numerosas las viviendas construidas en la segunda mitad del s. XIX y la primera del XX por los emigrantes guardeses a **Puerto Rico, República Dominicana y Brasil.** La mayoría están ubicadas en el casco urbano pero también en las afueras, como en el caso de las villas.*

*Se caracterizan por el empleo de cantería, azulejo y forja. Adoptan las estructuras del país americano; lo que les confiere una personalidad propia. Unas eran de carácter residencial, otras se dedicaban a negocios o a fines sociales.*





**CASA DE MANUEL ÁLVAREZ VICENTE:** Casa urbana construída arredor de 1890 seguindo os postulados do **estilo ecléctico** con aire señorial. Trátase dun inmoble sobrio pero elegante onde se combina un excelente traballo de cantería en forxa. Hoxe en día podémola ver despois dunha acertada e fiel remodelación.

Casa urbana construida alrededor de 1908 siguiendo los postulados del **estilo ecléctico** con aire señorial. Se trata de un inmueble sobrio y elegante donde se combina un excelente trabajo de cantería en forja. Hoy en día lo podemos ver depués de una acertada y fiel remodelación.

**CASA DE JOSÉ MARTÍNEZ SALCIDOS (PICHIPÉN):** Edificio de vivendas feito aproximadamente en 1910 en **estilo autóctono** con aire señorial urbano. Hoxe en día só se conserva a súa impresionante fachada. Tres plantas cheas de portas e vanos que permiten o paso da luz ó interior e rematada por un tímpano con óculo central. Un fermoso traballo de cantería e de forxa. O edificio é coñecido popularmente como a **casa do Pichipén.**



Edificio de viviendas hecho aproximadamente en 1910 en **estilo autóctono** con aire señorial urbano. Hoy en día solo se conserva su impresionante fachada. Tres plantas llenas de puertas y vanos que permiten el paso de la luz al interior y coronada por un tímpano con óculo central. Un hermoso trabajo de cantería y forja. El edificio es conocido popularmente como la **casa de Pichipén.**



**EDIFICIO DE BERNARDO ALONSO MARTÍNEZ:** Casa urbana construída no ano 1893 en **estilo autóctono** con aire señorial urbano. A data e as iniciais do promotor pódense ver gravadas nunha peita no centro da balaustrada que coroa o edificio. Os baixos foron destinados a locais comerciais e no primeiro piso habilitouse un salón de baile.

Casa urbana construida en el año 1893 en **estilo autóctono** con aire señorial urbano. La fecha y las iniciales del promotor se pueden ver gravadas en el centro de la balaustrada que corona el edificio. Los bajos se destinaron a locales comerciales y en el primer piso se habilitó un salón de baile.

**SAN XEROME:** Atopámonos fronte dunha construción de **estilo autóctono** con aire señorial urbano. Destaca a súa elegante fachada con balcóns que combinan o traballo en cantería e forxa. Merece especial atención a ornamentación con motivos florais. Esta edificación funcionou como asilo ata 1968. Dende 1981 é a sede do centro de educación especial San Xerome Emiliani.



Nos encontramos enfrente de una construcción de **estilo autóctono** con aire señorial urbano.destaca su elegante fachada con balcones que combinan el trabajo en cantería y forja. Merece especial atención la ornamentación con motivos florales. Este edificio funcionó como asilo hasta 1968. Desde 1981 es la sede del centro de educación especial San Xerome Emiliani.



**CASA DE VALENTÍN DOMÍNGUEZ PÉREZ:** Vivenda urbana de **estilo autóctono** edificada arredor de 1890. Caracterizase pola súa austeridade. Ten dúas plantas e bufarda. Balcóns en forxa e varanda tamén en ferro.

Vivienda urbana de **estilo autóctono,** edificada alrededor de 1890. Se caracteriza por su austeridad. Tiene dos plantas y buhardilla. Balcones en forja y baranda también en hierro.



**CASA DE JUANITA GIRÁLDEZ:** Este inmoble rompe a liña estética das vivendas anteriores. trátase tamén dunha casa urbana pero feita seguindo o modelo do **estilo rexionalista** e con tipoloxía de chalé. O feito de que o promotor emigrara o Brasil e non a Porto Rico coma nos casos anteriores influíu esteticamente. Foi construída arredor de 1950.

Este inmueble rompe con la línea estética de las viviendas anteriores. Se trata de una casa urbana hecha siguiendo el modelo del **estilo regionalista** y con tipología de chalet. El hecho de que el promotor emigrara a Brasil y no a Puerto Rico como en los casos anteriores influyó estéticamente. Fue construida sobre 1950.

**CASA DE LAUREANO ALONSO PORTELA:** Foi construída aproximadamente no 1906, en **estilo autóctono** urbano. Podemos apreciar as iniciais do promotor no traballo de forxa dos arcos das portas.



Fue construida aproximadamente en el año 1906, en **estilo autóctono** urbano. Podemos apreciar las iniciales del promotor en el trabajo en forja de los arcos de las puertas.

**CASA DE JUAN GIRÁLDEZ:** Elegante casa indiana feita sobre o ano 1900 en **estilo autóctono.** En realidade son dúas casas xemelgas separadas polas pilastras de orden xónico que se ven no centro. O último piso é un engadido posterior.



Elegante casa indiana hecha sobre el año 1900 en **estilo autóctono.** En realidad son dos casas gemelas separadas por las pilastras de orden jónico que se ven en el centro. El último piso es un añadido posterior.



**VILLA BORINQUEN:** Como o seu nome indica, trátase dunha villa rodeada por xardín aínda que agora se atope pegada a outras casas. Cando se fixo, en 1910, atopábase exenta. O elemento máis característico da casa, ademais dos azulexos verdes, é a torre. Construída a posteriori polo seu segundo dono, un home de familia mariñeira que desexaba ver o mar dende alí.

Como su nombre indica, se trata de una villa rodeada por jardín aunque ahora se encuentre rodeada de casas. Cuando se hizo, en 1910, se encontraba exenta. Además está rodeada de jardines. El elemento más característico de la casa, además de los azulejos verdes, es la torre. Construida a posterior por su segundo dueño, un hombre de familia marinera que deseaba ver el mar desde allí.

**CENTRO CULTURAL:** Este edificio é a construción indiana máis coñecida da Guarda. Ademais dun dos sinais de identidade do concello. Foi construído entre 1921 e 1932 pola Sociedade Pro-Hospital-Casa-Asilo seguindo os planos do arquitecto Tomás Bilbao Sertucha de **estilo ecléctico** con influenzas do estilo rexionalista montañés. Dende 1990 é o Centro Cultural.

Este edificio es la construcción indiana más conocida de La Guardia. Además de uno de las señales de identidad del ayuntamiento. Construido entre 1921 y 1932 por la Sociedad Pro-Hospital-Asilo siguiendo los planos del arquitecto Tomás Bilbao Sertucha de **estilo ecléctico** con influencias del estilo regionalista montañés. Desde 1990 es el Centro Cultural.



**CASA DE ELOY DOMÍNGUEZ VEIGA:** Coñecida popularmente como casa de Don Eloy. Trátase dunha mansión con tipoloxía de villa construída cara 1890 en **estilo ecléctico** con aire señorial. A cor azul celeste dos seus azulexo, o traballo en cantería e os seus maxestosos xardíns converten este inmoble nunha das máis emblemáticas construcións indianas da Guarda.



Conocida popularmente como casa de Don eloy. Se trata de una mansión con tipología de villa construida hacia 1890 en **estilo ecléctico** con aire señorial. El color azul celeste de sus azulejos, el trabajo de cantería y sus majestuosos jardines convierten a este inmueble en una de las más emblemáticas construcciones indianas de la Guardia.



**CASA DE MANUEL ALONSO SOBRINO:** Case enfronte da anterior podemos ver outra mansión indiana construída sobre de 1930 en **estilo ecléctico** con elementos rexionalistas. Na torre vemos un claro exemplo do Rexionalismo Montañés. A chamativa cor dos azulexos e o impresionante xardín fan que esta casa compita en beleza coa cercana Casa de Don Eloy.

Casi enfrente de la anterior podemos ver otra mansión indiana construida sobre 1930 en **estilo ecléctico** con elementos regionalistas. En la torre vemos un claro ejemplo de esos elementos típicos del regionalismo montañés. El llamativo color de los azulejos y el impresionante jardín hacen que esta casa compita en belleza con la cercana de Don Eloy.

**ESTILO ECLÉCTICO:** Corrente estética de finais do XIX e principios do XX que mestura e fusiona estilos.
**ESTILO ECLÉCTICO:** Corriente estética de finales del XIX y principios del XX que mezcla y fusiona estilos.

**ESTILO AUTÓCTONO:** Corrente estética que incorpora aqueles elementos da arquitectura propia do lugar no que se está ou se produce.
**ESTILO AUTÓCTONO:** Corriente estética que incorpora aquellos elementos de la arquitectura propia del lugar en el que se está o se produce.

**ESTILO REXIONALISTA:** Movemento cultural e estético de finais do XIX que promove unha arquitectura propia e diferenciadora do resto do País.
**ESTILO REGIONALISTA:** Movimiento cultural y estético de finales del XIX que promueve una arquitectura propia y diferenciada del resto del País.